



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusan asistencia D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 20190000001143 de dona María Rosario García Iglesias. (Expediente núm. 2019/U022/000025).

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente no cambio da cuberta, sita en Torre de Abaixo nº 4 – Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm.: 2019/U022/000025), en solo cualificado como “Finca singular en solo de núcleo rural. N-3”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada, de data 01.07.2019 e número de visado 1902792.2, asinada por don Alfonso Peiteado Carpinteiro, en calidade de arquitecto, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001300500NH43F0001RI.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 12.11.2019 (expt.: 2168/19), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Alfonso Peiteado Carpinteiro de data 01.07.2019, número de visado 1902792.2.

Deberá terse en conta o disposto no punto 2 dos antecedentes da Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio de data 12.11.2019, da que se xunta copia, e que tamén deberá achegarse a este concello.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta e cinco euros con vinte e nove céntimos (#235,29#)

2.2.- Instancia núm. 201800000001523 de Unión Fenosa Distribución, S.A – Gas Naturgy (Expediente 2018/U022/000030)

Dáse conta da citada instancia na que don Juan J. Coiradas Sambade, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A, solicita licenza para obras de RBTS (Rede de Baixa Tensión subterránea) (exp: UD218318040043) en Galegos, 28 – Santa Cruz de Ribadulla (Expediente municipal núm.: 2018/U022/000030), en Solo urbano residencial de baixa densidade (U-1) e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Pablo López Alonso, en calidade de Enxeñeiro Industrial, de data 6 de febreiro de 2019.

Dáse conta das autorizacións emitidas polo Ministerio de Fomento (Ref. L-LC.18.3656) de data 12.12.2018 e por Adif (Ref. : 8-042/19 19.399) de data 29.07.2019.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:

Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Pablo López Alonso, en calidade de Enxeñeiro Industrial, de data 6 de febreiro de 2019.

Axustaranse ás condicións dos informes sectoriais emitidos polo Ministerio de Fomento e por Adif.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras; as actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de mil sesenta e oito euros con seis céntimos (#1.068,06#)

2.3.- Instancia núm. 201999900000165 de don Alejandro Carrillo Torres. (Expediente núm. 2019/U022/000032)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para obras de reforma de vivenda individual en Galegos, 19 – Santa Cruz de Ribadulla) (expediente núm.: 2019/U022/000032), en solo urbano cualificado como “Residencial de densidade media U-2.”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 7266711NH4376N0002EW.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández de data xullo de 2019 e número de visado 1905129,2 de data 30.09.2019.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil douscentos oitenta e nove euros con vinte e oito céntimos (#1.289,28#)

2.4.- Instancia núm. 201999900000191 de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy (Expediente 2019/U022/000036).

Dáse conta da citada instancia na que don Juan José Coiradas Sambade, en representación de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy , solicita licenza para obras de RBTS (Rede de Baixa Tensión Subterránea) - UD218319080049 en Trasariz de Abaixo (Vedra) (Expediente núm.: 2019/U022/000036), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pablo López Alonso , en calidade de Enxeñeiro Industrial e de data 29 de outubro de 2019.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Pablo López Alonso, en calidade de Enxeñeiro Industrial e de data 29 de outubro de 2019.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras; as actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento nove euros con setenta e tres céntimos (#109,73#).

2.5.- Comunicación previa de obra de dona Mónica Maceira Giadanes. (Expediente núm. 2019/U026/000039)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Mónica Maceira Giadanes para construción de peche de parcela, de aproximadamente 13 metros de lonxitude, con base de formigón, que non superará os 1,50 metros de altura, e postes e arame, sen superar a altura total de 1,80 metros. Recuarase 6 metros do eixe da vía. Colocación de portal de acceso á mesma distancia do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000800500NH43F0001JI, emprazada en Pumariño –Ponte Ulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados e debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Instancia núm. 201900000001923 de don Francisco Javier Carro Castro. (Expediente número 2019/U007/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, expón que con data do 26/04/2005 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo (Vedra), (licenza número70/05), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Antonio Sabucedo Costa en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (Expte.: 2019/U007/000004) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.7.- -Instancia núm. 201900000002085 de don Luís Senín Pérez. (Expediente prórroga número: 2019/U003/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilanova (San Pedro) – Vedra, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13.12.2016 concedeulle licenza para a construción dun alboio en Outeiro – Vilanova (San Pedro) (Expediente número 2016/u022/000024), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.8.- Instancia de dona María Teresa Barros Mosteiro. (Exp. núm. 2019/U018/000011)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para agrupamento e parcelamento de fincas en Viño grande – San Andrés de Illobre, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data novembro de 2019.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de expansión dos núcleos rurais. N-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Viño grande – San Andrés de Illobre, nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.5, de 182 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.



2.9.- Instancia de Sapa, Contenedores y Servicios, S.L..

En relación cos expedientes 2013/U008/000004 e 2013/U014/000002 instruídos a instancia de don Juan Seoane Albela, en representación de Sapa Contenedores y Servicios, S.L., para a instalación de Centro Xestor de Residuos en Feal – Ribadulla (San Mamede), neste termo municipal e nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Fidel Gude Sampedro e don Javier González Casanova en calidade de Enxeñeiros Técnicos Industriais e logo da tramitación dos expedientes.

Dáse conta da declaración achegada por don Juan Seoane Albela, en representación de Sapa, Contenedores y Servicios, en función do disposto no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade obxecto dos expedientes para CENTRO XESTOR DE RESIDUOS en Feal na parroquia de San Mamede de Ribadulla, neste termo municipal, e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e demais previstas.

Dáse conta tamén da declaración subscrita polo técnico Fidel Gude Sampedro nos mesmos termos así coma tamén do cumprimento do disposto na Declaración de Impacto Ambiental emitida con data do 8 de xullo de 2014 (expediente CO/0184/2013).

A Xunta de Goberno toma coñecemento das declaracións achegadas e do inicio da actividade obxecto do expediente.

2.10.- Instancia de don José A. Guerra Bahamonde. (Exp. núm. 2017/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada (Pontevedra), solicita a modificación para segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto, emprazadas en Pousada de Arriba -Vedra, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 8.02.2017 nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Fco. Javier Bellet García, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola o 13.01.2017.

Achega agora documentación modificada asinada polo mesmo técnico, de data 13 de novembro de 2019, con RXE de este concello número 1910 e de data 13.11.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a MODIFICACIÓN da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.02.2017 nos termos da nova documentación achegada.

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na modificación da documentación achegada e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 3 da obra de *Renovación do céspede artificial dos campos de fútbol de O Coto e San Mamede (POS +2018)* (Expediente contratación 2018/C003/000005)



Dáse conta da certificación núm. 3 e última da obra de *Renovación do céspede artificial dos campos de fútbol de O Coto e San Mamede (POS +2018)* (Código obra 18.2200.0493.0), e máis da factura núm. F031486 da empresa adjudicataria da obra Sport Equipalía, S.L, por importe de dez mil trescentos setenta e seis euros con trinta e un céntimos (#10.376,31#)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

3.2.- Certificación núm. 1 da obra de *Pavimentación de camiños en Prumadelos, O Piñeiro, Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, Canicoba e Agustín (PMM 2019-2020)* (*Expediente de contratación 2019/C003/000002*)

Dáse conta da certificación núm.1 da obra de *Pavimentación de camiños en Prumadelos, O Piñeiro, Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, Canicoba e Agustín (PMM 2019-2020) (Anualidade 2019)*, e máis da factura núm. 190262 da empresa adjudicataria da obra, Eulogio Viñal, Obras y Construcciones, S.A, por importe de trinta e seis mil novecentos cincuenta e oito euros con seis céntimos (#36.958,06#).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

4º.- Acordo, se procede, sobre renovación de autorización para funcionamento de furanchos.

4.1.- Instancia número 1655/2018 de dona Lucía Cobas Rey.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por dona Lucía Cobas Rey, para RENOVAR o funcionamento dun establecemento dedicado a furancho no lugar de Galegos, 10 (San Pedro de Vilanova).

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno toma coñecemento do declarado e nos termos da documentación presentada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.

-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón que resulta ser de 1.250 kg de uva tinta e de 2.700 kg de uva branca.

O novo período de apertura será do 1 de decembro de 2019 ao 1 de marzo de 2020. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4.2.- Instancia número 2072/2019 de M^a José Carbia Silva.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por M^a José Carbia Silva, para renovar o funcionamento un establecemento adicado a FURANCHO no lugar de Malfurado, 4 (San Andrés de Trobe - Vedra).

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno toma coñecemento do declarado e nos termos da documentación presentada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón que resulta ser de 2.467 kg de uva tinta e de 4.933 kg de uva branca.

O novo período de apertura será do 20 de decembro de 2019 ao 20 de marzo de 2020. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2019/8, que ascende a un importe total de 311.338,41 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Aprobación gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 12 de novembro de aprobación de gastos de quilometraxe, asistencia a cursos, e fondo social dos traballadores municipais, por importe de 3.451,94 euros.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía


Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de novembro:

| Nº | Data | Asunto |
|-----|------------|---|
| 578 | 04/11/2019 | Adjudicando asistencia técnica control calidade obra de Mellora do pavimento das vías de Brañas a Francés, de Galegos á N-525, de Afós á N-525, de Tras da formas a Caniñas e outros (Plan Adicional 1/2019) a Eurotec Inspección, S.LU. Expediente contrato menor 2019/C002/000038 |
| 579 | 04/11/2019 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes |
| 580 | 04/11/2019 | Concesión praza na escola infantil municipal |
| 581 | 04/11/2019 | Inicio expediente de contratación redacción plan de autoprotección na escola infantil municipal (Expediente contrato menor 2019/C002/000039) |
| 582 | 07/11/2019 | Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida |
| 583 | 07/11/2019 | Ampliación intensidade SAF –Libre concorrencia a R.LC. |
| 584 | 07/11/2019 | Aprobación gastos voluntariado sénior |
| 585 | 07/11/2019 | Autorización uso pista Polideportivo Municipal ONCE |
| 586 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 1 de Reboredo –Ponte Ulla |
| 587 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 43 de Nande –San Fins de Sales |
| 588 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 44 de Nande –San Fins de Sales |
| 589 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 45 de Nande –San Fins de Sales |
| 590 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 68 de |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



| | | |
|-----|------------|--|
| | | Nande –San Fins de Sales |
| 591 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 18 de A Torre –San Xián de Sales |
| 592 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 17 de A Torre –San Xián de Sales |
| 593 | 08/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable dos locais e escola unitaria de San Xián de Sales |
| 594 | 12/11/2019 | Aprobación gastos voluntariado xuvenil Val do Ulla 2019 |
| 595 | 12/11/2019 | Aprobación gastos desprazamentos voluntariado social |
| 596 | 12/11/2019 | Aprobación achega económica organización Torneo Intermunicipal Fútbol Sénior |
| 597 | 12/11/2019 | Adxudicación servizos de prevención integral da saúde a Taprega Prevención de Riesgos, S.L (contrato menor 2019/C002/0000) |
| 598 | 13/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo da vivenda núm. 3 de O Bao – Santa Cruz de Ribadulla |
| 599 | 13/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo e sumidoiros da vivenda núm. 5 da Rúa Alcalde Francisco Carrillo-Sta Cruz de Ribadulla |
| 600 | 13/11/2019 | Adxudicando a Eulogio Viñal , Obras y Construcciones, S.A a obra de Pavimentación de camiños en Prumadelos, O Piñeiro, Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, Canicoba e Angustín (PMM 2019/2020) (Expediente contratación 2019/C003/000002) |
| 601 | 13/11/2019 | Alta rede de abastecemento de auga potable de vivenda sita no núm. 16 de A Torre –San Xián de Sales |
| 602 | 13/11/2019 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes |
| 603 | 13/11/2019 | Inicio expediente contratación servizo de tarefas de comunicación e tradución no marco do proxecto Entering the Gic economy, financiado no programa europeo Erasmus +- Acción Clave 2 (Exp. Contrato menor 2019/C002/000041) |
| 604 | 13/11/2019 | Inicio expediente contratación Asistencia técnica de apoio na xestión e implementación do proxecto Entering the Gic economy, financiado no programa europeo Erasmus +- Acción Clave 2 (Exp. Contrato menor 2019/C002/000040) |
| 605 | 13/11/2019 | Concesión axuda de emerxencia social a E.M.T |
| 606 | 13/11/2019 | Concesión axuda de emerxencia social a M.F.M |
| 607 | 13/11/2019 | Alta no padrón municipal de habitantes |
| 608 | 14/11/2019 | Aplicación desconto 20% familia numerosa prezo escola infantil municipal a E.C.P |
| 609 | 14/11/2019 | Aboamento indemnización recollida en Sentenza Xudicial correspondente a recurso interposto contra despido/cese xeral a dona Soraya Rodríguez Sánchez |
| 610 | 14/11/2019 | Toma de razón en contabilidade , cumprimento da finalidade e aprobación conta xustificativa relativa á substitución de caldeira de biomasa no CEIP Ortigueira (Subvención INEGA) |
| 611 | 15/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxas lixo e sumidoiros da vivenda núm. 33 . portal 1-3º B de Galegos –Santa Cruz de Ribadulla |
| 612 | 15/11/2019 | Recoñecemento consolidación trienios a don Iván García García |
| 613 | 15/11/2019 | Contratación plataforma CIBERSAD para a xestión do SAF do Concello de Vedra (Expediente contrato menor 2019/C0002/000042) |
| 614 | 18/11/2019 | Adxudicación a Quionprevención, S.L redacción do plan de autoprotección da escola infantil municipal (Exp. Contrato menor 2019/C002/000039) |
| 615 | 18/11/2019 | Designando coordinador de seguridade e saúde da obra de Pavimentación de camiños en Prumadelos, O Piñeiro, Avda. Mestre Manuel Gómez, Canicoba e Angustín (PMM 2019/2020) |
| 616 | 18/11/2019 | Cambio de titularidade recibos taxa de recollida de lixo e sumidoiros da vivenda núm. 9 de Laraño – San Xián de Sales |
| 617 | 18/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo da vivenda núm. 49 de Viño grande –Illobre |
| 618 | 19/11/2019 | Convocatoria para a realización da proba práctica do proceso selectivo da bolsa de emprego temporal – conserxe/operario de servizos varios |
| 619 | 19/11/2019 | Inicio expediente de contratación prestación servizo de atención do Centro da Terceira Idade de Vedra por IT de traballadora (Exp. Contrato menor |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



| | | |
|-----|------------|--|
| | | 2019/C002/000045) |
| 620 | 21/11/2019 | Adxudicación asistencia técnica control de calidade obra de Pavimentación de camiños en Prumadelos, O Piñeiro, Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, Canicoba e Angustín (PMM 2019/2020) (Exp. Contrato menor 2019/C002/000044) |
| 621 | 21/11/2019 | Delegación funcións Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde, Manuel Costa Carneiro, do 04-13/12/2019 por viaxe a Bos Aires (Arxentina) |
| 622 | 21/11/2019 | Concesión axuda de emerxencia social a M.F.M |
| 623 | 22/11/2019 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes |
| 624 | 22/11/2019 | Aprobación padrón fiscal taxa de abastecemento de auga potable 3º trimestre |
| 625 | 22/11/2019 | Adxudicación a Inda Iniciativas, S.L contrato de asistencia técnica de apoio na xestión e implementación do proxecto Entering the Gic economy financiado a través do Erasmus + Acción Clave 2 (Exp. Contrato menor 2019/C002/000040) |
| 626 | 22/11/2019 | Adxudicación a Inda Iniciativas, S.L contrato de servizos de comunicación e tradución do proxecto Entering the Gic economy financiado a través do Erasmus + Acción Clave 2 (Exp. Contrato menor 2019/C002/000041) |
| 627 | 22/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo da vivenda núm. 50 de Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla |
| 628 | 22/11/2019 | Concesión axuda á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil |
| 629 | 22/11/2019 | Alta do padrón municipal de habitantes |
| 630 | 25/11/2019 | Expediente limpeza de parcela |
| 631 | 25/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 14 de San Gregorio – San Mamede de Ribadulla |
| 632 | 26/11/2019 | Aprobación indemnización pola cesión da parcela en Tomonde para a realización das obras de saneamento e depuración no Concello de Vedra. Fase III. Tomonde |
| 633 | 26/11/2019 | Aprobación conta xustificativa Voluntariado Xuvenil 2019 |
| 634 | 26/11/2019 | Aprobación nóminas mes de novembro |
| 635 | 27/11/2019 | Alta no padrón municipal de habitantes |
| 636 | 27/11/2019 | Cambio domicilio padrón municipal de habitantes |
| 637 | 27/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo vivenda núm. 2 de Buxeiros de Abaixo –San Pedro de Sarandón |
| 638 | 27/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo vivenda núm. 12 da R/Alcalde Francisco Carrillo –Santa Cruz de Ribadulla |
| 639 | 27/11/2019 | Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo vivenda núm. 3 de Pazos – Santa Cruz de Ribadulla |
| 640 | 27/11/2019 | Concesión tarxeta aparcamento para persoas con mobilidade reducida a A.C.F |
| 641 | 27/11/2019 | Concesión servizo SAF-libre concorrencia a E.C.C. |
| 642 | 28/11/2019 | Xustificación subvención 2019 Club Montaña Vértice |
| 643 | 28/11/2019 | Substitución de Secretario –Interventor Municipal pola funcionaria Xefa de Negociado de Secretaría, Mercedes Pereiras Caldelas do 29/11 -05/12 |
| 644 | 28/11/2019 | Autorizándolle ao Club Olímpico de Vedra o uso do pavillón e as pistas de rodadura –velódromo o 30 de novembro para Atletismo divertido |
| 645 | 29/11/2019 | Adxudicación do servizo de atención do Centro da Terceira Idade de Vedra por IT da traballadora municipal a Adolfo Castro Fernández (Expediente contrato menor 2019/C002/000045) |

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

8º.- Outros asuntos.

8.1.- Solicitud de subvención á Axencia de Turismo de Galicia.

Dáse conta da Resolución da Axencia de Turismo de Galicia, do 19 de novembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



de infraestruturas turísticas no medio rural e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2020 (DOG núm. 228/19, do 29 de novembro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Solicitar unha subvención para o proxecto Acondicionamento de ruta e área de interpretación dos muíños, cuxo orzamento ascende á cantidade de trinta e catro mil trescentos trinta e nove euros con trinta e cinco céntimos (#34.339,35#), a levar a cabo por administración.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras desas subvencións, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionada ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 19-12-2019

| Núm. Entrada Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo | Núm.Doc. Fec.Doc. | Situación Grupo Factura | - APLICACIÓN - | | | I.V.A. Deducible Euros | - DESCUENTOS - | | Importe Fac. Euros | |
|-------------------------------|--|------------------------------------|----------------------------|-----------------|------------|----------------|------------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|----------|
| | | | | Año Proyecto | Org. Econ. | RC,A,D | | Importes | Conceptos Descuento | | Importes |
| | | | | | | | | Euros | | | Euros |
| F/2019/2776 22/08/2019 | B15938426 Fromico, S.L. (Manuel Baluja) Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra e das escolas de San Xián e San Fins prestado no mes de xullo/2019 | A/210 31/07/2019 | Conformada | 2019 2019 | 312 320 | 22700 22700 | 855,01 855,00 | | | 1.710,01 | |
| F/2019/3328 06/10/2019 | A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á EDAR de Ponte Ulla. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19321310567040 04/10/2019 | Conformada | 2019 | 160 | 22100 | 1.858,10 | | | 1.858,10 | |
| F/2019/3329 06/10/2019 | A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á Casa da Terceira Idade. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19321310567042 04/10/2019 | Conformada | 2019 | 231 | 22100 | 222,52 | | | 222,52 | |
| F/2019/3330 06/10/2019 | A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica ao campo de fútbol de Santa Cruz. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19321310566961 04/10/2019 | Conformada | 2019 | 341 | 22100 | 512,51 | | | 512,51 | |
| F/2019/3369 09/10/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao bombeo de Neira de Abaixo. Período: 01/09/2019 - 30/09/2019 | FE19137026330656 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 160 | 22100 | 52,82 | | | 52,82 | |

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 19-12-2019

| Núm. Entrada Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo | Núm.Doc. Fec.Doc. | Situación Grupo Factura | - APLICACIÓN - | | | I.V.A. Deducible Euros | - DESCUENTOS - | | Importe Fac. Euros | |
|-------------------------------|---|------------------------------------|----------------------------|-----------------|------------|--------|------------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|----------|
| | | | | Año Proyecto | Org. Econ. | RC,A,D | | Importes | Conceptos Descuento | | Importes |
| | | | | | | | | Euros | | | Euros |
| F/2019/3443 25/10/2019 | A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á pista de rodaxe de Vedra. Período: 19/07/2019-20/10/2019 | FE19321312279480 24/10/2019 | Conformada | 2019 | 341 | 22100 | | 13,64 | | | 13,64 |
| F/2019/3462 31/10/2019 | B15767783 Ana Naya Garcia, S.L. Fra. V10-2019 988. Servizo de xestión da escola infantil municipal. Mes outubro/2019 | V10-2019 988 31/10/2019 | Conformada | 2019 | 231 | 22799 | | 4.583,33 | | | 4.583,33 |
| F/2019/3463 31/10/2019 | B15767783 Ana Naya Garcia, S.L. Fra. V01-10-2019 989. Cota municipal polo servizo de xestión da escola infantil municipal. Mes outubro/2019 | V 01-10-2019 989 31/10/2019 | Conformada | 2019 | 231 | 22799 | | 5.159,95 | | | 5.159,95 |
| F/2019/3485 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á nave de Trobe. Período: 23/09/2019-21/10/2019 | FE19137028352635 27/10/2019 | Conformada | 2019 | 1531 | 22100 | | 39,88 | | | 39,88 |
| F/2019/3486 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica a casa de cultura de San Miguel. Período: 23/09/2019-22/10/2019 | FE19137028338827 27/10/2019 | Conformada | 2019 | 334 | 22100 | | 35,89 | | | 35,89 |

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 19-12-2019

| Núm. Entrada Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo | Núm.Doc. Fec.Doc. | Situación Grupo Factura | - APLICACIÓN - | | | I.V.A. Deducible Euros | - DESCUENTOS - | | Importe Fac. Euros | |
|-------------------------------|--|------------------------------------|----------------------------|-----------------|------------|--------|------------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|----------|
| | | | | Año Proyecto | Org. Econ. | RC,A,D | | Importes | Conceptos Descuento | | Importes |
| | | | | | | | | Euros | | | Euros |
| F/2019/3487 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á antiga reitoral de Ponte Ulla. Período: 23/09/2019-21/10/2019 | FE19137028380213 27/10/2019 | Conformada | 2019 | 432 | 22100 | | 11,29 | | | 11,29 |
| F/2019/3488 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á nave de produtos envasados de San Mamede. Período: 29/08/2019-29/09/2019 | FE19137026000224 03/10/2019 | Conformada | 2019 | 430 | 22100 | | 12,62 | | | 12,62 |
| F/2019/3489 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á oficina de turismo de Vilanova. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19137026297027 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 432 | 22100 | | 19,92 | | | 19,92 |
| F/2019/3492 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á escola unitaria de San Xián. Período: Período: 21/08/2019-19/09/2019 | FE19137026042672 03/10/2019 | Conformada | 2019 | 320 | 22100 | | 5,47 | | | 5,47 |
| F/2019/3493 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao centro de saúde de Vedra. Período: Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19137026233412 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 312 | 22100 | | 197,79 | | | 197,79 |

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 19-12-2019

| Núm. Entrada Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo | Núm.Doc. Fec.Doc. | Situación Grupo Factura | - APLICACIÓN - | | | I.V.A. Deducible Euros | - DESCUENTOS - | | Importe Fac. Euros | |
|-------------------------------|--|------------------------------------|----------------------------|----------------|------------|-------|------------------------------|----------------|----------|-----------------------|---------------------|
| | | | | Año | Org. Prog. | Econ. | | RC,A,D | Importes | | Conceptos Descuento |
| | | | | | | | | | Euros | | |
| F/2019/3495 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao bombeo de Socastro. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19137026257547 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 160 | 22100 | | 15,40 | | 15,40 | |
| F/2019/3497 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á casa de cultura de Santa Cruz. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19137026285467 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 334 | 22100 | | 156,84 | | 156,84 | |
| F/2019/3498 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á escola de música de Santa Cruz. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19137026317898 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 320 | 22100 | | 58,56 | | 58,56 | |
| F/2019/3499 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao bombeo de Laraño. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19137026367672 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 160 | 22100 | | 27,60 | | 27,60 | |
| F/2019/3500 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao bombeo de Laraño. Período: 01/09/2019-30/09/2019 | FE19137026367797 06/10/2019 | Conformada | 2019 | 160 | 22100 | | 28,00 | | 28,00 | |

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 19-12-2019

| Núm. Entrada Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo | Núm.Doc. Fec.Doc. | Situación Grupo Factura | - APLICACIÓN - | | | I.V.A. Deducible Euros | - DESCUENTOS - | | Importe Fac. Euros | | |
|-------------------------------|---|------------------------------------|----------------------------|-----------------|----------------|----------------|------------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|----------|-------|
| | | | | Año Proyecto | Org. RC,A,D | Prog. Econ. | | Importes | Conceptos Descuento | | Importes | |
| | | | | | | | | Euros | | | Euros | Euros |
| F/2019/3501 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á antiga escola unitaria de Illobre. Período: 20/09/2019-20/10/2019 | FE19137028111826 24/10/2019 | Conformada | 2019 | | 320 | 22100 | | 9,08 | | | 9,08 |
| F/2019/3502 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á antiga escola unitaria de Trobe. Período: 20/09/2019-20/10/2019 | FE19137028158145 24/10/2019 | Conformada | 2019 | | 320 | 22100 | | 12,61 | | | 12,61 |
| F/2019/3503 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á escola unitaria de San Xián. Período: 20/09/2019-20/10/2019 | FE19137028319056 27/10/2019 | Conformada | 2019 | | 320 | 22100 | | 43,25 | | | 43,25 |
| F/2019/3504 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao punto limpo de Vedra. Período: 23/09/2019-22/10/2019 | FE19137028361165 27/10/2019 | Conformada | 2019 | | 1622 | 22100 | | 16,00 | | | 16,00 |
| F/2019/3505 06/11/2019 | A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á escola unitaria de San Fins. Período: 23/09/2019-22/10/2019 | FE19137028357722 27/10/2019 | Conformada | 2019 | | 320 | 22100 | | 38,91 | | | 38,91 |

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 19-12-2019

| Núm. Entrada Fec. Registro | Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo | Núm.Doc. Fec.Doc. | Situación Grupo Factura | - APLICACIÓN - | | I.V.A. Deducible Euros | - DESCUENTOS - | | Importe Fac. Euros | |
|-------------------------------|--|------------------------------------|----------------------------|-----------------|---------------------------------------|------------------------------|----------------|---------------------|-----------------------|----------|
| | | | | Año Proyecto | Org. Prog. Econ. RC,A,D | | Importes | Conceptos Descuento | | Importes |
